

## **CONCELLO DA LARACHA**

### **SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO O DÍA 27 DE SETEMBRO DO ANO 2018**

No Salón de Sesiós da Casa Consistorial do Concello da Laracha, sendo as 13 horas e 30 minutos do día 27 de setembro do ano 2018, baixo a Presidencia do sr. Alcalde e coa asistencia dos sres. concelleiros que se relacionan, reúnese o Pleno da Corporación para celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para este día.

**PRESIDENTE**

**JOSÉ MANUEL LÓPEZ VARELA**

**CONCELLEIROS**

Grupo político municipal P.P.

**JOSÉ RAMON MARTÍNEZ BARBEITO**

**JESÚS SOUTO PENA**

**RAMIRO BELLO RECOUSO**

**ALBERTO FUENTES PREGO**

**PATRICIA M<sup>a</sup>. BELLO CANEDO**

**MARÍA DEL ROCÍO LÓPEZ REY**

**CRISTINA VIEITES CALVO**

**ADELINA LISTE MONELOS**

**ANTONIO FRAGA BOLÓN**

**ANA BELÉN RODRÍGUEZ VILAS**

**JOSÉ ALBERTO BLANCO VEIGA**

Grupo político municipal B.N.G.

**XOAN MANOEL SANDE MUÑIZ**

**CAROLINA CASTIÑEIRAS BRANDÓN**

Grupo político municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE

**NON ASISTE**

Grupo político municipal Mixto

**NON ASISTE**

Excusa a súa asistencia: **JUAN CAAMAÑO REGUEIRA, ELADIO VERDÍA GARCÍA e ANTONIO ANTELO AÑÓN**

Asiste como secretaria a da Corporación, Cristina Castro Fuentes, que da fe do acto.

Antes do inicio da sesión explícaselle ao voceiro do BNG que por erro no listado de resolucións que acompañaban á convocatoria, faltaban algunhas. Entrégase nova copia con todas as resolucións.

Gárdase un minuto de silencio polas mulleres vítimas de violencia de xénero como en todos os plenos ordinarios

A continuación procédese ao exame dos asuntos comprendidos na **ORDE DO DÍA.**

**Iníciase a sesión sen a presenza da concelleiro Adelina Liste Monelos**

**1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES 16/07/2018, 26/07/2018 E 23/08/2018**

Non habendo alegacións, quedan aprobadas por unanimidade dos presentes

**2.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA**

Explica o alcalde o número de resolución existente. Non hai intervencións.

**3.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA DE MODIFICACIÓN DA APLICACIÓN ORZAMENTARIA 130/15100**

Dase lectura ao ditame da Comisión informativa:

*A Comisión Informativa de facenda ditaminou favorablemente o día 21 de setembro de 2018 a seguinte proposta:*

*En relación coa asignación de gratificación por servizos extraordinarios prestados fóra da xornada normal de traballo para o persoal funcionario deste Concello.*

*Vista a insuficiencia de efectivos na policía local para cubrir toda a xornada laboral e ante a necesidade de cubrir a mesma.*

*Tratándose da retribucións de servizos extraordinarios realizados fóra da xornada normal ou habitual de traballo que teña que realizar o funcionario.*

*Estas gratificacións terán carácter excepcional, e en ningún caso poden ser fixas na súa contía nin periódicas.*

*O artigo 93.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, establece que a súa contía global será fixada polo Pleno da Corporación dentro dos límites máximos e mínimos que se sinalen polo Estado.*

*Estes límites están contidos no Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o Réxime das Retribucións dos Funcionarios da Administración Local. Así, de conformidade co establecido no artigo 7 do Real Decreto citado, os créditos destinados a complementos de produtividade, gratificacións e, no seu caso, complementos persoais transitorios, serán os que resulten de restar á masa retributiva global orzada para cada exercicio económico, excluída a referida ao persoal laboral, a suma das cantidades que ao persoal funcionario correspóndanlle polos conceptos de retribucións básicas, axuda familiar e complemento de destino.*

*Da cantidade que resulte destinárase até un máximo do 10% para gratificacións.*

*Dado que para a súa concesión é necesario que exista consignación orzamentaria, destinada a tal finalidade, dentro dos límites cuantitativos arriba sinalados.*

*Corresponde ao Pleno da Corporación determinar no Orzamento da Corporación a cantidade global destinada á asignación de gratificacións aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2 c) do Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o Réxime das Retribucións dos Funcionarios da Administración Local, en cambio, corresponde ao Alcalde ou Presidente da Corporación a asignación individual, con suxeición aos criterios que estableza o Pleno, sen prexuízo das delegacións que poida conferir conforme ao establecido na Lei 7/1985, de 2 de abril.*

**PROPOÑO AO PLENO MUNICIPAL**

**PRIMEIRO.** *Modificación provisional do Orzamento 2018 consignando a contía total de 3.150,00 € na aplicación orzamentaria 130/15100 financiada con bolsa de vinculación.*

**SEGUNDO.** *Dar traslado deste acordo aos Servizos de Persoal, a Intervención e a Tesourería.*

**TERCEIRO.-** *Expoñelo ao público no taboleiro de anuncios e no BOP da Provincia da Coruña durante un prazo de 15 días, durante os cales se poderán presentar alegacións.*

Rematada a lectura sométese o ditame a votación resultando aprobado por unanimidade.

**4.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ASUNTOS XERAIS DE APROBACIÓN DO ACORDO DE ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACION SUBSCRITO ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A FEGAMP E A SEAGA EN MATERIA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS**

Explícase que se levou a Comisión Informativa a adhesión ao convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Fegamp e a Seaga en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundariase que debe de ser o Pleno da Corporación o órgano encargado de adherirse o mesmo.

Por este motivo propónse ao Pleno que solicite a adhesión ao convenio de colaboración antedito manifestando a vontade de adherirse formal e expresamente a todas e cada unha das cláusulas do convenio mencionado, asumindo as obrigas e compromisos derivados del e con suxeición plena a todas elas .

Nese momento incorpórase á sesión a concelleira Adelina Liste Monelos.

Intervén o concelleiro Xoán Manuel Sande Muñiz e di que van votar a favor. Non porque estén a favor da xestión da Xunta senón porque entenden que non lle queda outra o concello.

Di o alcalde que son precios moi económicos os que marca o convenio.

Sométese a votación o ditame e resulta aprobado por unanimidade.

## **5.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE APROBACIÓN DA BONIFICACIÓN NO ICIO POR OBRAS DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE MUNICIPAL A FAVOR DE MIRIAM G.G.**

A Comisión Informativa de Facenda celebrada o día 21 de setembro de 2018 ditaminou favorablemente a seguinte proposta:

*“A Ordenanza Fiscal número 17, reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras, recolle no artigo 6º a posibilidade de conceder bonificacións na cota de dito imposto a aquelas construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego. Tal declaración, así como o outorgamento da bonificación, corresponde ao Pleno do Concello, previa solicitude do interesado.*

*Miriam Gesto García presentou o día 19.09.2018, solicitude de bonificación da cota do imposto de construcións, instalacións e obras, para rehabilitación dunha vivenda unifamiliar, elemento codificado na relación de bens a catalogar do PXOM co núm. 4.4 Pazo de Paradela, grao de protección estrutural*

*Visto o informe da arquitecta técnica municipal, as obras cumpren coas condicións detalladas no artigo 6º da ordenanza para ser susceptibles de declaración de especial interese ou utilidade municipal, así como para obter a correspondente bonificación fiscal.*

*Tendo en conta todo o exposto, de conformidade co establecido do artigo 103.2 a) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e no artigo 6º da Ordenanza Fiscal número 17 do Concello da Laracha, proponse ao Pleno, previo ditame da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Económicos, Facenda e Especial de Contas, o seguinte acordo:*

*Aprobar a declaración de especial interese ou utilidade municipal pola causa detallada no anexo, así como a bonificación do Imposto sobre construcións, instalacións e obras na porcentaxe do 50 % conforme ao estipulado no artigo 6º da Ordenanza Fiscal número 17, reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras.*

*Ademais, dende esta alcaldía solicítase que por parte intervención municipal sexa emitido o preceptivo informe.”*

Intervén o concelleiro do BNG Xoán Sande e di que vai votar a favor.

Di o alcalde que lle parece moi boa iniciativa como a deste promotor.

Apróbase o ditame por unanimidade

## 6. APROBACIÓN DA CONTA XERAL 2017

A Comisión Informativa celebrada o día 27 de xullo de 2018 ditaminou favorablemente a Conta Xeral para o exercicio 2017.

Transcorreron 15 días e 8 mais para alegacións. Non se presentou alegación alguna.

Por este motivo sométese a aprobación do pleno da Corporación

O concelleiro Xoa'n sande di que eles teñen que facer unha valoración política. E que é negativa. Por exemplo, no tema dos seguros. Di o concelleiro que igual que coa luz vaise facer un acordó marco, que cos seguros debería sacar un concurso.

Explica o alcalde que o concello ten un mediador, pero que se está estudiando licitar por lotes os seguros.

Agradece o alcalde que os servizos económicos tiveran preparada a Conta Xeral do 2017 en prazo.

Sométese a votación resultando aprobada por 2 votos en contra e 12 a favor ( PP)

## 7. MOCIÓNS DE URXENCIA

7.1. A primeira moción de moción preséntase polo BNG. Presentada o día 14/09/2018 por rexistro de entrada co nº 4544

Dase lectura á moción por parte do concelleiro Xoán Sande solicitando o seguinte acordo:

*Instar o goberno municipal a abordar as xestións necesarias para dotar dalgún tipo de protección estas fragas do lugar do Pazo (Soandres) hábitat destas dúas especies protexidas, e a estudar tamén a posibilidade dalgunha protección especial para o río Acheiro*

Vótase en primeiro lugar a urxencia da moción resultando aprobada por unanimidade

Di o alcalde que sí hai especies en perigo de extinción e que debe estudiarse toda a protección necesaria.

Sométese a votación o fondo da cuestión resultando aprobada a moción por unanimidade.

7.2. Segunda moción presentada polo BNG o día 21 de setembro de 2018 co nº 4794

Dase lectura polo concelleiro Xoán Sande do BNG á moción coa que se presenta o seguinte:

1º.- expresar o apoio ás persoas que o pasado 30 de agosto de 2017 participaron nunha acción pacífica e simbólica de ocupación de Pazo de Meirás, co obxectivo de reclamar a intervención dos poderes públicos para recuperar un patrimonio que debe ser do pobo galego.

2º.- Manifestar o rexeitamento a respecto da demanda interposta pola Fundación Nacional Francisco Franco, Carmen Franco Polo e José Cristobal Martínez Bordiú Granco contra 19 demócratas que participaron na citada ocupación pacífica e simbólica, e que son acusado de delitos de odio, contra o honor, danos e violación de morada.

3º.- Expresar a condena e rexeitamento do uso do Pazo de Meirás por parte da Fundación Nacional Francisco Franco para facer apoloxía do xenocidio fascista, da Ditadura e do Ditador, e en consecuencia demandar que se inicien acción encamiñadas á ilegalización da citada Fundación.

4º.- Instar ao Goberno español a que inicie de xeito inmediato accións legais contra a propiedade do Pazo de Meirás, de acordó co informe histórico-xurídico elaborado a instancia da Deputación Provincial da Coruña , e acordado por unanimidade di seu Pleno, para que a administración lexitimada para facelo poida recuperar como ben público o Pazo de Meirás, roubado ao pobo galego durante o réxime xenocida franquista

5º.- Dar traslado deste acordó ao Goberno do estado, Parlamento de galiza de Deputación Provincial da Coruña

Vótase en primeiro lugar a urxencia resultando aprobada por unanimidade dos membros presentes.

O grupo municipal do PP presenta unha enmenda á moción para que o Pleno da Laracha se adhira aos acordos adoptados polo parlamento de Galicia nos que se declara a súa vontade de que a recuperación do Pazo de Meirás para o patrimonio público non implique un novo custo para o pobo de Galicia. Igualmente instar a Administración Xeral do Estado a que realice as accións legais ás que fai referencia na súa conclusión final o informe da Comisión de expertos nomeados pola Consellería de Cultura, Educación e ordenación Universitaria co obxecto de reintegrar a propiedade das torres ou pazo de Meirás ao ámbito dos bens de dominio público da Administración Xeral do estado e por ultimo insta á Xunta de Galicia, en canto sexa exercitada esa acción legal, a incorporarse ao proceso civil como coadjuvante adhesiva.

Sométese a votación a enmenda resultando aprobada por 12 votos a favor do PP e 2 en contra do BNG.

Aceptada a enmenda, sométese a votación o texto enmendado resultando aprobado por unanimidade dos asistentes

## **7.- ROGOS E PREGUNTAS**

Non hai

Non habendo mais asuntos que tratar se levanta a sesión sendo as 14:15h